



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA UNHA VOLTA SEGURA ÁS AULAS

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para unha volta segura ás aulas.

Exposición de motivos

Ferrol en Común faise eco das exixencias da Confederación de Anpas Galegas e apoia as súas reivindicacións recollidas neste manifesto que presentamos íntegro ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

MANIFESTO DA CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS SOBRE O INICIO DO CURSO 2020-2021

As familias galegas estamos fondamente preocupadas pola situación sanitaria, asistencial e educativa que se presenta a partir do inicio do vindeiro curso académico 2020-2021. É un clamor a preocupación das nais e pais galegas diante dun próximo futuro que se albisca incerto, inestábel, inseguro, mal organizado e enormemente perigoso para as nosas fillas e fillos, e por extensión para toda a sociedade galega coa que eles se relacionen, que é practicamente a totalidade da mesma, dada a total permeabilidade que o estudantado ten con toda a sociedade .

Os riscos vindeiros son moitos, pero o maior é a falta de coherencia da consellaría de educación da Xunta de Galicia, a súa total falta de liderado estruturado e confiábel, e a sensación que ten a cidadanía galega de que as nosas fillas e fillos son “persoal de segunda” con quen non hai que cumprir máis normativa que aquela que garanta non ter que gastar máis diñeiro na súa seguridade e educación.

As crianzas son o futuro, a súa educación é o mellor que pode facer unha sociedade por si propia, e nós, neste momento, esiximos o máximo esforzo no seu coidado, atención e defensa, sen escusas, sen recortes, sen máis límites que os que marquen as posibilidades reais levadas ao máximo do seu rendemento.

Por iso, elaboramos este manifesto de mínimos, coa intención de asegurar publicamente que non hai ningún argumento que non esteamos dispostas a discutir, ningunha obriga formal que non esteamos dispostas a rexeitar, ningunha decisión administrativa que poida servir de atranco, cando o que nos move é a saúde, a seguridade, o futuro e a vida das nosas fillas e fillos.

E por iso, dicimos que queremos unha volta presencial ás aulas, porque pensamos que é o mellor para o alumnado galego, pola súa saúde emocional, a súa calidade educativa, e tamén porque é o que garante a posibilidade dun tratamento en igualdade e atención real á diversidade; pero non estamos dispostas a aceptala en calquera condicións, somos as responsábeis últimas da saúde e a formación das nosas fillas e fillos, e estamos dispostas a exercer esa responsabilidade de cheo até onde sexa necesario. Por iso, demandamos da consellaría de educación que garanta esa seguridade innegociábel; e en concreto:

En canto á asistencia aos centros de ensino:

1. Queremos unha volta presencial ás aulas, porque:

- a) O completo desenvolvemento social, afectivo, emocional e intelectual do alumnado só é posíbel na interrelación directa e presencial entre iguais, co seu profesorado e a súa contorna.
- b) Sabemos que a presencialidade é a garante única dun tratamento en equidade.
- c) Sabemos que só dentro dun centro escolar é posíbel o traballo en igualdade.
- d) Sabemos que a atención á diversidade só é realmente certa no contexto dun centro escolar.
- e) Vivimos o terceiro trimestre do curso 2019-2020, e afirmamos que os seus resultados indican a falta de preparación do sistema educativo para a formación en liña, situación que permanece practicamente inalterábel neste momento.

2. Porén, queremos que as familias do alumnado en situación directa de risco sanitario obxectivo, ou que conviva no mesmo fogar con persoas nese risco, teñan a posibilidade de optar pola non asistencia ordinaria ás aulas, en tanto permaneza ese risco; e que teñan a atención a distancia que xa debera ter todo o alumnado galego en situación de enfermidade. Este é o momento de lembrar a necesidade de termos un **auténtico servizo de educación domiciliaria**, que – tal e como dixemos en moitas ocasións- debera ser a canle ordinaria de atención ao alumnado que por razón de enfermidade non poida asistir ás clases ordinarias. Agora podemos comprobar até que punto ter feito un traballo efectivo nese dereito podería ser aproveitado para normalizar a atención en liña do alumnado.

3. Queremos **que as ANPA estean presentes en todos os grupos de traballo** e reunións que se realicen para adaptar os centros escolares á realidade derivada da

COVID-19. Para garantir a voz das familias nesas reunións e grupos de traballo, demandamos así mesmo que nos centros de secundaria e bacharelato estea presente tamén o alumnado.

4. Queremos que os plans COVID de cada centro escolar sexan validados polas autoridades sanitarias e educativas **expresamente, responsabilizándose así dos mesmos** e liberando desa responsabilidade ao persoal docente e ás ANPA, que non teñen, nin por capacitación nin por profesionalidade, a obriga de afrontar as consecuencias que poidan xurdir da súa redacción insuficiente. En concreto demandamos que eses plans de actuación conteñan:

- a) Un **protocolo sanitario específico para cada centro escolar**, identificando os factores de risco, as situacións de excepcións, os itinerarios internos, o dimensionamento dos centros e a ocupación do alumnado, e os concretos recursos que están ao dispor dese centro educativo.
- b) Un **protocolo específico para cada centro escolar para a realización das actividades complementares e extraescolares**, incluíndo nelas a recepción en entrega do alumnado transportado, a organización da limpeza en horario non lectivo, a permanencia e/ou superación dos posibles grupos burbulla que se organicen no centro escolar, e calquera outra circunstancia que afecte a estas actividades.
- c) Un **protocolo de información ás familias**, definindo claramente cales son as canles de comunicación e as ferramentas tecnolóxicas que deban empregarse, e asegurando a constancia de recepción desa información. Información que debe conter, en tempo real, a situación organizativa do centro escolar, as novidades de índole sanitaria que poidan producirse e as modificación de contido académico e

educativo que afecten ao alumnado en xeral e ao particular de cada familia afectada.

En canto á organización hixiénico-sanitaria dos centros de ensino, queremos:

1. Que se respecte en todo momento, en calquera circunstancia, unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre calquera persoa, alumnado, profesorado e persoal non docente, que asista a un centro escolar, durante todas as actividades e en todas as situacións da xornada lectiva ordinaria. Somos sabedoras de que iso ten consecuencias, e por iso esiximos directamente:

- a) Máis aulas dispoñíbeis.
- b) O profesorado, tanto titular de aula como de apoio, necesario para a atención desas aulas.
- c) Máis espazos dispoñíbeis para as actividades complementarias, nomeadamente madrugadores e comedores escolares.
- d) Máis dotación de autobuses e horarios e liñas de transporte.
- e) Contemplan a posibilidade de facer quendas, modificacións de horario lectiva ou redistribución de alumnado en centros infrautilizados, como unha medida para diminuír a masificación de alumnado nos centros escolares

2. Que se dote, con vocación de permanencia, a figura da enfermería de centro, unha profesional que teña a capacidade para coordinar os aspectos sanitarios do centro escolar, de especial relevancia neste momento. E que se dote a esta figura con todos os medios que precisa para desenvolver o seu labor.

3. Que toda a limpeza do centro escolar sexa realizada por persoal profesional, que en ningún caso sexa realizada polo propio alumnado, e que a coordinación do seu labor dependa de profesionais da limpeza e da hixiene. Como consecuencia dos maiores requirimentos que propicia a a situación actual, isto implica:

- a) Máis persoal de limpeza nos centros.
- b) Organización interna que facilite o traballo deste persoal durante os movementos do alumnado do centro.
- c) Atención específica aos aseos, comedores, ximnasia, e outros posibles lugares onde é esixíbel unha hixiene especialmente coidada.

4. Que todos os gastos derivados das esixencias sanitarias sexan sufragados pola administración autonómica. O Ensino ten que ser gratuíto en toda a súa extensión, tanto nos libros de texto como no resto do material esixíbel; neste momento tamén nas máscaras, xeles –que poden ser de dispensación automática para evitar o contacto continuado-, panos de man, ou calquera outro material necesario. Debe ser fornecido polo centro escolar, como parte da utillaxe diaria para o alumnado, e deberá ser pagado cos orzamentos da comunidade autónoma, non cos xa moi minguadas dotacións dos centros educativos galegos. Evidentemente a mesma gratuidade reclamámola para o material que necesite o persoal docente e non docente que traballe no centro escolar.

En canto ás actividades complementares:

Estamos a falar fundamentalmente de servizos de comedor e transporte escolares, para estas actividades, fundamentais sobre todo no ensino rural, requirimos:

1. Reforzamento do persoal que atende ás persoas usuarias dos servizos, tanto do monitorado dos comedores, coma das persoas acompañantes nos autobuses escolares.

2. **Control sanitario específico do persoal traballador** nestes servizos, tanto o persoal de cociña e servizo ou limpeza dos comedores coma o persoal condutor e acompañante do transporte escolar; nas mesmas condicións e garantías que as que se lle soliciten ao profesorado.

3. **Limpeza e desinfección dos comedores**, e instalacións habilitadas con igual finalidade, así como dos **autobuses escolares**, antes e despois da súa utilización por cada grupo ou quenda de rapaces-as.

Máis tamén estamos a falar da posíbel ocupación dos espazos en horario non lectivo, nomeadamente as ANPA, a quen hoxendía se lles está a pedir un protocolo específico, e para as que reclamamos:

- a) Unha regulación de ocupación e uso dos centros escolares, con asunción de responsabilidades por parte da administración educativa sempre que se cumpra aquela regulación, xa que estas actividades, teñan carácter puntual ou continuo, forman parte da programación normal do centro escolar.
- b) A inclusión das necesidades de limpeza destas actividades dentro do plan de hixiene do centro escolar.
- c) A comunicación de variacións da situación declarada polo alumnado ao principio da xornada lectiva, ou dos posíbeis cambios que xurdan no desenvolvemento da mesma, sempre que non haxa solución de continuidade entre as actividades lectivas, complementares e extraescolares.

En canto ao desenvolvemento académico do curso escolar:

Considerando a situación xerada coa desorganización producida no terceiro trimestre do curso 2019-2020, solicitamos:

1. Que se estruturen claramente os currículos do curso 2020-2021, que:

- a) Necesariamente terán que **incluír o terceiro trimestre do curso pasado**, do que non temos constancia de ter sido aproveitado pola totalidade, nin sequera por unha parte significativa do alumnado galego.
- b) Terán que **adaptar a situación curricular á realidade de ter que dar catro trimestres en, no mellor dos casos, un curso ordinario**; polo que esiximos unha redución específica, regulada normativamente, de contidos que limiten os deste exercicio ao máis esenciais para permitir a continuidade en curso posteriores.

2. **Avance sistemático do Ensino en liña**, que non pode nin debe substituír ao presencial, pero que si debe formar parte da formación académica ordinaria do alumnado, concretamente:

- a) Determinación de todo o software que pode utilizarse na comunicación co alumnado, consolidación de plataformas e garantía de privacidade na súa utilización, con limitación expresa da comunicación por outros medios diferentes; procurando a unificación das canles de comunicación.
- b) **Plan de formación continua do profesorado**; e dotación, cando sexa preciso, do hardware e software que requiran para o desenvolvemento do ensino en liña.
- c) **Plan de formación do alumnado galego** que inclúa:
 - O aseguramento da dispoñibilidade de medios materiais para o traballo en liña, que deben ser costeados pola administración educativa.
 - O aseguramento dun nivel de conexión á rede homoxéneo e suficiente en todo o territorio galego
 - Formación en competencia dixital do alumnado que permita afrontar os retos dunha sociedade dixitalizada. Isto implica que o alumnado sexa quen de: crear contidos, comunicarse, usar de forma segura a rede, buscar e valorar a información, e

resolver os problemas básicos que se lle presenten nestes procesos, ademais do propio manexo técnico dos dispositivos. Esta situación permitirá afrontar os distintos retos que se nos presenten en escenarios de non presencialidade, sexa parcial ou absoluta; e tamén permitirá a utilización normalizada das tecnoloxías dixitais nun ensino ordinario actualizado.

- d) Dotación homoxénea e universal, para todos os centros e en todos os cursos, **dos medios dixitais necesarios** para ofrecer esa formación dixital no ensino presencial ordinario.
- e) **Plan de formación para as familias**, para que poidamos continuar no acompañamento ordinario ás nosas fillas e fillos, no caso das clases presenciais; máis fundamentalmente para que poidamos realizar ese acompañamento inescusábel que xa fixemos recentemente no caso de termos que retroceder ás aulas non presenciais.

3. Un **plan de atención prioritaria á situación emocional do alumnado galego**, atendendo á situación vivida, ás posíbeis perdas familiares, e ao feito de estarmos moi lonxe aínda de dar por rematado este período de incerteza sanitaria, concretamente:

- a) **Reforzo nas equipas de orientación** de todos os centros escolares, eliminando os postos compartidos en toda Galiza.
- b) **Dotación, con vocación de permanencia, da figura da educadora social de centro**, unha profesional que permitirá fornecer a educación emocional do alumnado, a formación e relación coas familias e a resolución dos problemas de convivencia no centro, que poderán verse incrementados neste contexto excepcional.

- c) **Formación específica do profesorado.** Non esquezamos que son o fundamental punto de contacto do alumnado co centro escolar e deben ter os coñecementos profesionais necesarios para saber reaccionar diante do que está a acontecer.
- d) **Plan de formación ás familias do alumnado.** Precisamos saber como responder diante das nosas fillas e fillos, tanto académica –no caso de termos que volver á utilización de aulas non presenciais- como emocionalmente.
- e) **Plan especial de atención a diversidade,** nomeadamente ao alumnado NEAE, que foi o gran prexudicado do período de confinamento. Haberá que atender especialmente a este alumnado, e tamén preparalo para unha posíbel volta á non presencialidade.

EN RESUMO, PRETENDEMOS

- A volta presencial ás aulas, pero segura e responsábel, de non ser así, **exerceremos o noso dereito a sermos as defensoras últimas da seguridade das nosas fillas e fillos, sen límites.**
- Un **plan de acollida emocional ao alumnado** que inclúa o fornecemento de formación e medios ao profesorado, equipas directivas e persoal non docente.
- A **reorganización**, formal e homoxénea en todo o territorio galego, dos **currículos das materias deste curso 2020-2021**, reducíndoos para que poidan incorporar todos os contidos do 3º trimestre do curso pasado.
- A posta en marcha inmediata da **contratación de persoal de enfermería** en cada centro escolar.
- A dotación en todos os centros escolares da figura da **educadora social.**
- **O mantemento sistemático da distancia de 1,5 metros** durante todos os momentos e circunstancias lectivas, en consecuencia: o Procura dos espazos necesarios para facilitar

o desdobre de aulas. o Contratación do profesorado necesario. o Contratación do persoal de apoio necesario.

- **Gratuidade absoluta**, para toda a comunidade educativa, do material necesario para a protección e hixiene das persoas e lugares onde se realicen as actividades lectivas ou complementares.

- **Posibilidade de non asistencia a clase para aquel alumnado que estea en situación de risco sanitario, ou que conviva con persoas nesa situación**; logo de xustificar esta circunstancia.

- Organización profesional da limpeza e hixiene dos centros educativos e do transporte escolar.

- **Garantía de detectar e atender a calquera fenda dixital** (económica, xeográfica ou formativa) na que poida incorrer o alumnado ou as familias galegas.

- **Plan especial de atención á diversidade e nomeadamente ao alumnado NEAE**, nunha hipotética cancelación total ou parcial da formación presencial.

- **Garantía absoluta da formación de profesorado, alumnado e familias nunha posíbel formación a distancia** que garanta:

- A utilización de plataformas e sistemas de comunicación homoxéneos, limitados e coñecidos.
- control dos tempos dedicados á formación a distancia.
- acompañamento ao alumnado, nomeadamente ao alumnado NEAE, así como ás crianzas de menor idade do sistema.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común presenta á consideración do Pleno Municipal do Concello de Ferrol os seguintes ACORDO:

- Amosar o noso total apoio a este manifesto da Confederación de Anpas de Ferrolterra.

- Instar á Xunta de Galicia a aprobar e aplicar todas as medidas aquí recollidas para garantir unha volta as aulas en total seguridade fronte a pandemia de Covid-19.

Ferrol, 21 de agosto de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común